



Avda. de San Sadurniño 19
15552 Valdovino
Tlfn:981487700 FAX: 981487063
cpi.atios@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>



FALA DESEÑADA

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

**C.P.I. Atios – Valdovino.
(CURSO 2018- 2019)**



ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN

2. COMPOSICIÓN DO EDLG

- 2.1. Representantes do profesorado.
- 2.2. Representantes do alumnado.
- 2.3. Representante do persoal non docente
- 2.4. Coordinadora do EDLG.

3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

- A) O contorno sociolingüístico do centro.
- B) A situación do profesorado.
- C) A situación do alumnado.
- D) A situación lingüística do centro.

4. PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA :

“FALA DESEÑADA”

- 4.1 Presentación.
- 4.2 Obxectivos.
- 4.3 Actividades.
 - 4.3.1 Actividades do centro
 - 4.3.2 Actividades da ENLG de Ferrolterra
 - 4.3.3 Outras actividades

5. CONCLUSIÓNS

1. INTRODUCCIÓN

Afrontar un novo Proxecto de Dinamización da Lingua Galega representa un reto que o EDLG do centro debe abordar ano tras ano. Non é tarefa doada poñer en marcha o engranaxe no que está implicado o alumnado das distintas etapas educativas (E.I., E.P. e E.S.O.), o persoal docente e non docente, as familias, á veciñanza ou o Concello de Valdoviño para desenvolver unha idea arredor da cal se vai desenrolar o traballo do centro na dinamización e defensa do galego perante todo un curso escolar.

É imprescindible que todos os estamentos que compoñen a vida do centro teñan como punto de partida unha boa motivación. Cando se adopta unha dinámica de traballo para realizar diferente tipo de actividades que teñan como finalidade potenciar o uso do galego, o principal protagonista será o alumnado, o cal deberá ter como referente á xente adulta coa que convive diariamente (nais e pais, profesorado, veciñanza, etc.).

Mais motivar a persoas de idades e intereses tan diversos non é un labor fácil de levar a cabo. No **EDLG** valoráronse diferentes suxestións que poderían servir como fío condutor do Proxecto. O tema definitivo, a banda deseñada, foi elixido entre todas as compañeiras e compañeiros do centro entre as propostas presentadas, como o máis acertado e engaiolante.

“**FALA DESEÑADA**” será o motor que guiará o noso proxecto dinamizador. A *banda deseñada* ofrece a posibilidade de converterse nun elemento motivador para pequenos e maiores á vez que ten un grande potencial como material didáctico, atractivo e divertido para o alumnado. A oferta é moi variada e cada vez hai máis deseñadores que se atreven con novos personaxes nos campos tan dispares como atractivos para as nenas e nenos.

Agardamos que as **BANDAS nos dean moito que FALAR !!!**

2. COMPOSICIÓN DO EDLG

2.1. Representantes do profesorado

- Berta Grueiro Pérez
- Blanca Riveira Roca
- Laura Río Hortas
- Mónica Ares Ameijide
- Luisa Pita Rubido
- Vanessa Pita Santalla
- Ana M^a Ramos Montero (Equipo directivo)

2.2 Representantes do alumnado

- Paula Luaces Rodríguez
- Lucía Castro Sepúlveda
- Adán Fernández van Egmond
- Mía Nadja Lago Calvo
- Martín López García
- Sara Méndez González
- Lucía Pérez Rodríguez
- Candela Sanesteban Torres
- Estrela Vizoso Díaz
- Aitana Grandal Fernández
- Alba Iglesias Martínez
- Lorena Teijeiro Rodríguez
- Paula Vellón García
- Nerea Santalla Ramos
- Laura Paz Reyes

2.3. Representante do persoal non docente

- Rosa Ana García López

2.4. Coordinadora do EDLG

- Teresa de Jesús Dopico Rivera

É de destacar a nutrida representación do alumnado de ESO que solicitou formar parte do equipo xa que son a esperanza e o futuro da nosa lingua.

3. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A) A contorna do centro

O CPI Atios está situado no Concello de Valdoviño (A Coruña). Ao tratarse dun centro integrado comparte nun mesmo espazo as tres etapas educativas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria. Tentaremos aproveitar esta diversidade de xeito positivo para o desenvolvemento deste proxecto.

O noso centro está integrado nunha contorna sociolingüística que se vai castelanizando a pasos axigantados. Entre a xente maior, avoas e avós, o galego emprégase a cotío, o que se percibe nunha boa fonética e no mantemento de estruturas morfosintácticas propias da nosa lingua, así como o uso de moito léxico.

A xeración dos pais e nais do alumnado falan sempre en castelán cos seus fillos e fillas e, de cando en vez, diríxense á xente maior en galego.

Poderíamos dicir entón que estamos nunha contorna galego falante entre a xeración dos avós e avoas que manteñen unha actitude favorable ao uso do galego. Contorna que, debido á presión social ou pola falla de factores que favorezan e valoren o emprego da lingua galega en calquera ámbito, potencia o emprego do castelán como lingua vehicular a todos os niveis.

B) A situación do profesorado

O equipo docente está conformado por 50 profesionais, dos cales unha porcentaxe moi pequena son galegofalantes, e unha auxiliar de conversa procedente de EEUU. A meirande parte utilizan o galego nas áreas onde o currículo o esixe. Fóra das aulas propiamente ditas, nos corredores, nos patios de recreo ou na cafetería, o castelán vai avanzando terreo e cada ano constatamos que cada vez está máis presente nas conversas entre docentes ou co alumnado.

O galego é utilizado de maneira máis habitual nas comunicacións académicas, nas ferramentas administrativas, nas tecnoloxías da información ou nos recursos de lectura e consulta da biblioteca escolar.

C) A situación do alumnado.

A relación do alumnado matriculado nas diferentes etapas educativas é a seguinte:

• Educación Infantil:	85
• Educación primaria:	253
• Educación Secundaria:	194
TOTAL	532

Debido á dispersión xeográfica do Concello de Valdoviño, a meirande parte do noso alumnado ten que utilizar transporte para achegarse ao CPI.

Despois de analizar o Proxecto lingüístico do Centro constatamos que o noso alumnado utiliza o castelán para a súa comunicación cotiá, o que leva á falla de mantemento xeracional na lingua galega.

D) A situación lingüística do centro

O galego está presente como lingua administrativa e na documentación e xestión do centro. A presenza do galego no persoal non docente é similar ao da comunidade docente.

O centro conta ademais con 8 persoas de persoal non docente: o conserxe, unha administrativa, catro traballadoras de cociña, unha responsable do comedor e dous cuidadores, así como con outros membros de persoal colaborador para o comedor, cafetería e actividades extraescolares.

Partindo da realidade lingüística, recollida no PSC do centro, o EDLG ten como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, facendo fincapé na implicación de toda a comunidade educativa e na especial colaboración da xente maior como referente da nosa oralidade.

4. PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA:

“FALA DESEÑADA”

4.1. Presentación

No presente curso o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI Atios fai unha aposta pola *banda deseñada* como material didáctico motivador, entretido e de gran diversidade e variedade, botando man do grande número de deseñadoras e deseñadores con estilos e contidos ben diferentes, reflicto da sociedade diversa e plural que nos toca vivir.

“**FALA DESEÑADA**” quere ser o fío condutor, o motor que mova a todo o persoal do centro para levar adiante todas as actividades, eventos, conmemoracións, festas e proxectos que ao longo deste curso escolar se van realizar e celebrar.

O equipo docente do CPI Atios convida ao alumnado a descubrir personaxes interesantes, historias increíbles ou protagonistas fantásticos, deseñados cunha nutrida amalgama de estilos. Da man deles, os nenos e nenas de Educación Infantil, Primaria e máis a rapazada de Secundaria achegaranse aos proxectos interdisciplinares que se van desenvolver ao longo do curso.

Os distintos niveis e etapas educativas poderán coñecer e seleccionar os cómics e os personaxes máis axeitados para poder desenvolver o centro de interese dos proxectos de aula, de área ou da Biblioteca escolar do centro. Posteriormente serán presentados a toda a comunidade educativa, ou nalgún dos casos á veciñanza, a través de faladoiros, leccións maxistrais do alumnado duns niveis a outros, conferencias ou presentacións para determinadas etapas educativas, representacións teatrais... utilizando sempre como lingua vehicular o galego, poñendo así o noso gran de area no deseño da nosa querida lingua galega.

Algúns dos proxectos a realizar xirarán arredor de diferentes tribos do mundo. Así, o alumnado de sexto de E.P. investigará sobre os taramara (México), da man de *Speedy González*. Procurarán información sobre o país onde viven, os seus costumes, alimentación, forma de vida... Traballarán en equipos de aprendizaxe cooperativa e falarán a cotío para poñerse de acordo para construír maquetas, cociñar e mesmo preparar unha exposición á que convidarán a todo o alumnado do centro. Asemade darán unha lección maxistral sobre os taramara, coa axuda das novas tecnoloxías.

De maneira semellante, o alumnado de quinto de E.P. preparará un proxecto sobre diferentes tribos de América do Norte: os inuit, os comanches, os pés negros ou os siux, guiados polo personaxe de cómic *Yakari*. Deberán deseñar

en galego aquilo que queiran comunicar ao resto do persoal do centro, para o que será necesario ir adquirindo un bo nivel competencial na área de lingua.

O alumnado de segundo de Secundaria, nas áreas de Lingua Galega, Ciencias Sociais e Plástica, vai organizarse en equipos para pescudar información sobre a emigración galega e presentar as súas producións a toda a comunidade educativa. O punto de partida será unha banda deseñada de *Shaun Tan*.

De xeito semellante na área de Tecnoloxía o alumnado de diferentes cursos de ESO, da man do personaxe de *Tintín*, preparará o seu proxecto sobre o espazo estelar. Investigarán, falarán sobre os seus descubrimentos, construírán foguetes espaciais, farán hipóteses e sacarán as súas conclusións que amosarán a todo o persoal do centro educativo.

Este proxecto científico será o centro de interese na actividade extraescolar de robótica na que participa paralelamente o alumnado de Primaria e Secundaria. O produto social relevante será a exposición pública na First Lego League 2019.

Outros exemplos dos proxectos que se van desenvolver a partir da banda deseñada son os do alumnado de primeiro e segundo de E.P. que van investigar e falar moito sobre os animais e as plantas, a partir dos personaxes dos *Pitufos*; ou o alumnado de terceiro e cuarto, cuxo proxecto de historia correrá da man de *Astérix e Obélix*.

Todos, alumnado, profesorado e persoal colaborador, falaremos arreo dos personaxes das bandas deseñadas que servirán como motivadoras e acicate de tan diferentes actividades que se van desenvolver no presente curso.

A comunidade educativa de cheo participará no proxecto “**FALA DESEÑADA**” xa que nas distintas actividades propostas hai unha implicación e responsabilidade directa do equipo do Comedor escolar, ANPA, Concello, persoal docente e non docente e do alumnado de todas as etapas educativas do centro. Entendemos que este é un proxecto aberto, que busca un cambio de actitude con relación á oralidade da lingua e desexamos que contribúa a un cambio que todos e todas entendemos como necesario.

Dende o EDLG se quere promover a lectura da banda deseñada así como a produción propia. Con tal motivo se vai por en marcha a **realización dun cómic** elaborado coa colaboración de **todo o alumnado do centro**.

Asemade queremos compartir a nosa **FALA** co alumnado do **CEIP Soutelo de Montes**, do concello de Forcarei, do interior galego, xa que a súa forma de expresarse e a nosa teñen un deseño con características propias que van ser

moi enriquecedoras para todo o alumnado. O enfoque que lle daremos vai encamiñado a investigar e coñecer as romarías da costa e do interior, para o que contaremos coa colaboración das titorías de 3º e 4º de E.P. e coa mestra de Música. O centro de interese ten moita relación cos traballos que o autor das Letras Galegas, Antonio Fraguas, levou a cabo ao longo da súa traxectoria persoal. Asemade, imos compartir as producións dos dous centros nun formato dixital para colgalas na plataforma Padlet e facelas públicas.

As familias tamén serán as protagonistas xa que estarán convidadas a participar na maioría das actividades, converténdose en axentes activos.

No referido á contorna, destacamos sobre todo a colaboración e implicación do **Concello**, das **AAVV de Valdoviño** e do **Concello de Ferrol**. Queremos que o proxecto saia das aulas e do centro, que permita crear lazos de unión e vínculos coas familias, a veciñanza das parroquias e outros centros educativos da comarca de Ferrolterra.

O **EDLG** , en colaboración cos equipos de coordinación docente, **manterá informada** a toda a comunidade educativa das actividades a desenvolver a través do espazo dedicado a tal fin no centro, de circulares ou da propia canle de TV Atios. **Cara ao exterior**, a información será a través da web do centro ou das redes sociais Facebook e Twitter así como dunha publicación anual que se realizará a final de curso onde se recollerá o máis relevante de todas as actividades realizadas.

4.2 Obxectivos.

- Valorar e respectar o galego como lingua propia, reflicto da nosa cultura.
- Utilizar o galego como lingua vehicular en todas e cada unha das actividades e tarefas do proxecto “**FALA DESEÑADA**”, tentando normalizalo na vida diaria do centro.
- Promover a recuperación da lingua dos nosos maiores nas familias, téndoos como referentes galegofalantes da nosa contorna.
- Recuperar a tradición oral e deseñar a nosa fala reivindicando a figura de **Dna. Evangelina Hermida Vergara**, poetisa e regueifeira da vida, modelo a seguir para o noso alumnado.
- Promover a realización de diferentes actividades orais e escritas para fomentar a competencia lingüística do alumnado.

- Promover a comunicación intercentros como fonte de riqueza cultural baseada na tradición oral e musical.
- Utilizar as TIC's para achegarmos aos traballos de moitas e moitos autores da banda deseñada, mostra da diversidade e innovación cultural.
- Manexar as ferramentas dixitais para publicar producións propias en plataformas dixitais como Padlet ou Youtube.
- Ser quen de expresar e comunicar con claridade, ordenada e coherentemente un proxecto científico e de investigación.
- Por en valor a figura e obra da valdoviñesa **Dna. Evangelina Hermida Vergara**, contadora de historias e regueifeira, a quen lle dedicaremos o Día do Libro 2019.
- Coñecer a personalidade e a traxectoria de **Antonio Fraguas Fraguas**, escritor agasallado no Día das Letras Galegas 2019.
- Fomentar actitudes de espírito crítico referidas á igualdade entre as persoas, non só no alumnado, senón tamén no profesorado e nas familias.
- Favorecer no alumnado a construción dunha identidade non sexista e non violenta.
- Educar a intelixencia emocional e social co obxectivo de establecer relacións baseadas na empatía, o diálogo, a negociación, cooperación e resolución de conflitos de xeito construtivo, capacidade de iniciativa e pensamento crítico.
- Garantir a participación do profesorado en todo o proxecto e actividades deseñadas.
- Integrar curricularmente o proxecto nas diferentes áreas e etapas educativas.
- Implicar a todo o centro, así como a axentes externos, nestes obxectivos comúns.
- Difundir o proxecto e as actividades a nivel social.

4.3 Actividades

Para levar adiante o proxecto “**FALA DESEÑADA**” contamos coa colaboración e compromiso de toda a Comunidade Educativa (alumnado, docentes, persoal

non docente, pais e nais do alumnado). Asemade tamén contaremos coa axuda das **AAVV das diferentes parroquias e dos concellos de Valdoviño e Ferrol** que serán partícipes das distintas actividades e tarefas que vaiamos desenvolvendo ao longo do curso.

As actividades abranguen ao alumnado das distintas etapas educativas que compoñen a oferta educativa do C.P.I Atios : Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria; ás familias e á veciñanza do noso concello.

4.3.1 Actividades do centro

4.3.1.1 Festa do Magosto e Samaín

Arredor desta celebración poñeremos en marcha as seguintes actividades:

- **Contos de medo na Biblioteca**

O equipo da Biblioteca preparará varias historias de medo nas que **colaborará o alumnado** de distintos cursos de E.P. e **as familias** do alumnado de primeiro ciclo.

- **Concurso de adorno de cabazas e centros de outono**

Actividade programada para todo o alumnado do centro.

- **Talleres de cabazas e castañas** (11 de novembro)

Actividade programada para a participación de todo o alumnado de EI.

- **Gran xogo do Magosto** (11 de novembro)

Actividade cooperativa na que participará todo o alumnado e profesorado de EP, coa colaboración do alumnado de ESO.

- **Festa do Magosto e Samaín** (11 de novembro)

Celebrarémola o día de San Martiño. Despois dos talleres e do Gran xogo, desfrutaremos de castañas, chourizos, pan e zume, para o que contamos coa colaboración do persoal do comedor e a ANPA.

- **Aula terrorífica**

Será deseñada e preparada polo alumnado de ESO en colaboración con membros de Equipo Directivo e o profesorado de secundaria dos

distintos Departamentos. Recibirá a visita, por quendas, de todo o alumnado do centro e da comunidade educativa.

4.3.1.2 Talleres de Robótica.

No mes de novembro, alumnado de **robótica** asistirá á Maker Faire de Santiago de Compostela, convidados polo CAFI, para expoñer os proxectos "Gafas para cegos" e "Xirasol cargador de baterías", desenvolvidos ao longo do curso escolar 17-18.

A maiores, durante o presente curso escolar, o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de E.P. e de Secundaria asistirá semanalmente a **talleres de robótica** onde se utiliza o galego como lingua vehicular para aprender novos retos e por en marcha o novo proxecto científico do espazo interestelar.

Un ano máis o equipo dos FrouxiMakers participará na Ferst Lego League que se celebrará en Ferrol.

4.3.1.3 Día contra a violencia de Xénero.

O 25 de novembro conmemoraremos o **Día contra a violencia de Xénero**. Traballaremos **conxuntamente** coas titorías, os Departamentos didácticos, os equipos de ACE, Biblioteca, TIC's e contaremos coa colaboración do Concello de Valdoviño, coa ANPA e co PAS. Todo o alumnado do centro traballará durante unha semana sobre a prevención da violencia de xénero e, como remate celebraremos un acto conxunto onde participará todo o alumnado do centro que **será gravado e colgado na nosa canle de TV** como produto social relevante para dar a coñecer a postura do centro cara a lacra da violencia machista.

4.3.1.4 Concertos Didácticos da Semana da Música

Con motivo de Sta. Icíá celebraremos na Casa da Cultura de Valdoviño e no pavillón deportivo do centro tres concertos didácticos. Os dirixidos a E.I. e a E.P. estarán baseados en repertorios musicais que terán o galego como lingua vehicular.

4.3.1.5 V Certame de microrrelato e micropoesía CARMELA LOUREIRO (finais de novembro)

O alumnado de 3º ciclo de E.P. e Secundaria participará por quinto

ano consecutivo no certame literario, en **colaboración coa E.N.L.G. de Ferrolterra e o Concello de Ferrol**. A idea principal é darlle pulo á escrita galega, onde se valorará a brevidade, ao mesmo tempo que a boa capacidade comunicadora.

4.3.1.6 Campaña solidaria de reciclaxe de tapóns e redución da utilización de plásticos no centro

Como nos anos anteriores seguimos coa **campaña solidaria** de recollida de **tapóns** para axudar á xente que o necesita. **O EDLG** elaborará os **carteis** informativos da campaña.

Doutra banda, os nenos e nenas de EP e de ESO continuarán coa recollida de plásticos dos cursos pasados. Asemade seguiremos solicitando a colaboración das familias para reducir o emprego de plásticos no centro.

4.3.1.7 Campaña de recollida de alimentos “ 1 QUILO + “

Un ano máis toda a Comunidade Educativa do noso centro colaborará cos Servizos Sociais do Concello de Valdoviño na campaña de recollida solidaria de alimentos para compartir cos máis desfavorecidos da veciñanza.

O **EDLG** participará **elaborando os carteis** da campaña e **unha circular** ás familias, convidándoas a solidarizarse coas persoas máis necesitadas.

4.3.1.8 Concurso de tarxetas de Nadal

Un ano máis imos celebrar o concurso de deseño, aberto á participación de todo o alumnado do centro. Se valorará que nas tarxetas se recollan expresións tradicionais propias do Nadal galego.

4.3.1.9 Festival de Nadal

O último día do trimestre se celebrará o festival para dar por rematada a primeira parte do curso. Danzas, panxoliñas, intervencións musicais e unha flahs movie serán as protagonistas por parte de todo o alumnado do centro.

4.3.1.10 Venres gastronómicos

Un venres de cada mes realizaremos **menús - degustación** relacionados coas bandas deseñadas e os proxectos desenvolvidos a partir dos diferentes personaxes ao longo de todo o ano. En base a determinadas características dos protagonistas, así se deseñarán os menús. A **información mensual ás familias** irá integramente en **galego**.

4.3.1.11 Exposicións sobre FALA DESEÑADA

Os equipos das **titorías de EI, EP** e o alumnado de **ESO** coa colaboración dos distintos departamentos porán en marcha diferentes proxectos a partir de bandas deseñadas de estilos e contidos moi diversos.

Co material elaborado polo alumnado, profesorado e, nalgún caso, coa colaboración do persoal non docente e as familias, se preparará cada mes unha exposición na entrada do centro, nos corredores ou no Comedor escolar (coincidindo con cada venres gastronómico). Asemade, o equipo responsable de cada proxecto preparará unha presentación dos principais contidos traballados para compartilos con todo o alumnado e profesorado do centro.

A finalidade destas exposicións e presentacións duns niveis educativos para os outros é fomentar a interrelación entre as diferentes etapas educativas. É moi importante conseguir unha boa comunicación, feito que se levará a cabo empregando sempre o galego como lingua vehicular.

A lectura e o manexo das bandas deseñadas así como a utilización das novas tecnoloxías será fundamental para o desenvolvemento de todos os proxectos a realizar.

4.3.1.12 Club de Ciencia

Alumnado de **3º, 4º, 5º e 6º de EP e o de 1º de ESO** vai retomar a actividade do Club de Ciencia posto en marcha hai dous anos. Este club ten como finalidade dar pulo ao coñecemento científico a través de actividades extraescolares realizadas polo alumnado os martes pola tarde. Participarán **profesoras voluntarias** que, ademais de encargarse da rapazada, prepararán a **información sobre os distintos**

experimentos levados a cabo polo alumnado e a colgarán na **páxina web do centro** para dalos a coñecer. A lingua utilizada será **sempre o galego**.

4.3.1.13 Día Escolar da Non Violencia e da Paz

O día 30 de xaneiro celebraremos o **Día Escolar da Non Violencia e da Paz**. O noso obxectivo é facer reflexionar e concienciar ao alumnado sobre a paz e a non violencia na contorna máis próxima: na aula, no tempo de lecer, na familia, na contorna e no mundo.

No presente curso tentaremos un novo reto no que convidaremos a participar a todo o alumnado, profesorado e persoal non docente do centro. A iniciativa consistirá en aprender a todas as nenas e nenos de E.P., de E.S.O. e aos adultos a practicar a arte do origami. Serán os membros do E.D.L.G. quen aprenderán o pregado das paxariñas de papel para converterse despois en monitores do resto do alumnado.

Terán que establecer unha boa comunicación para facerse entender polos máis pequenos, utilizando o galego como lingua de relación. Esta actividade desenvolverase ao longo dos dez días anteriores ao 30 de xaneiro.

Asemade, unha vez feitas as paxariñas en papel de cores (símbolo da diversidade de alumnado e profesorado presentes no centro), as titorías colaborarán escribindo na nosa lingua desexos de PAZ en cada un dos pregados. Cada persoa do centro preparará, polo menos, dúas paxariñas para superar así o reto do milleiro de exemplares, seguindo o exemplo de Sudako (Xapón), e poder conseguir que os desexos cheguen a cumprirse. Logo todos os pregados serán colgados en todos os corredores e espazos do centro.

Por outra banda, o alumnado de E.I. traballará a obra do artista brasileiro Romero Britto e elaborará un mural colectivo baseado nos deseños do autor, no que posteriormente escribirán as súas mensaxes de PAZ.

Na data da conmemoración realizaremos un acto colectivo con todo o alumnado do centro. Os máis pequenos presentarán o seu traballo plástico; a alumnado de E.Primaria interpretará un tema musical ao tempo que un pequeno grupo baile unha coreografía e os maiores de Secundaria lerán as súas reflexións e compromisos arredor da Paz e a Non Violencia, **utilizando o galego** como lingua vehicular.

4.3.1.14 Cartas de Amor e Amizade

Con motivo do 14 de febreiro, dende os equipos de DACE, Biblioteca e EDLG, convidamos a todo o alumnado e persoal docente e non docente a escribir cartas a todas aquelas persoas que aprecian, admiran, queren... e senten a necesidade de ser agradecidas ou agarimosas e precisan dicirlllo.

Para realizar esta actividade se habilitarán caixas do correo en distintas partes do centro. O día 15 de febreiro, o alumnado do equipo de Dinamización Lingüística fará o labor de carteiro e repartirá polas aulas o desexado correo.

4.3.1.15 O Entroido

Un dos obxectivos de celebrar esta festa é recuperar a realización das coplas do Entroido como parte importante da tradición oral, reflicto da contorna e da realidade do alumnado e da sociedade, dende un enfoque divertido e crítico.

Este ano a temática do Entroido estará baseada na banda deseñada. Os disfraces dos distintos niveis xirarán arredor do tema central do seu proxecto, e así ímolo cantar nas nosas coplas.

Asemade, queremos aproveitar o Entroido como momento de encontro coas familias e a veciñanza de Valdoviño para celebrar unha das festas tradicionais de máis tradición do inverno. Con tal motivo organizaremos, coa axuda do Concello, un desfile desde o centro educativo ata a Casa da Cultura. No seu anfiteatro realizaremos as actuacións de todos os niveis educativos, bailando e cantando as coplas que o alumnado comporá para a festa.

Posteriormente, de volta na escola, merendaremos os doces propios do Entroido que prepararán as familias para compartir entre todas e todos.

4.3.1.16 Día Internacional das Mulleres

Un ano máis reflexionaremos sobre a falta de igualdade entre homes e mulleres, entre as persoas, sendo un problema sen resolver que segue a estar presente na nosa sociedade. Con motivo da conmemoración do Día da Muller organizaremos unha actividade arredor dos contos infantís en coordinación coa profesora de L.G. de 6º de E.P. e o equipo da

Biblioteca. Os nenos e nenas adaptarán os textos dos contos traballados para eliminar os contidos sexistas; posteriormente os representarán na Biblioteca do centro na semana do oito de marzo para os demais niveis educativos.

Nas aulas de Música de E.I. e E.P. se traballará unha canción relacionada coa conmemoración e logo terá lugar un acto no que participará todo o centro e no que o alumnado de E.S.O. compartirá un manifesto en defensa da igualdade e do respecto cara ás mulleres.

4.3.1.17 FALADOIRO LITERARIO

O EDLG , en coordinación co Equipo da Biblioteca do centro, vai participar na iniciativa do Concello de Valdoviño de organizar un FALADOIRO LITERARIO nos locais das distintas AAVV do municipio.

O alumnado de 4º, 5º e 6º de EP vai achegarse aos locais das AAVV das distintas parroquias do noso Concello cunha actividade á que estarán convidados escritores, a poder ser de Valdoviño ou relacionados dalgún xeito co noso concello. Nos locais destas asociacións compartiremos coa veciñanza e coas escritoras e escritores a súa obra. As nenas e nenos prepararán previamente o material a compartir coa axuda do equipo da Biblioteca do centro e do profesorado.

Esta actividade levaríase a cabo na semana do Día do Libro.

4.3.1.18 Día do Libro 2019, dedicado a Dna. Evangelina Hermida Vergara.

Comezaremos as actividades do terceiro trimestre co proxecto plurianual do Día do Libro, dedicando esta conmemoración a unha autora contemporánea do Concello de Valdoviño, poetisa, regueifeira e contadora de historias da vida. Dna. Evangelina é unha muller referente na tradición oral, gran **deseñadora da nosa fala** e modelo a imitar para o noso alumnado. Persoa moi querida e admirada pola xente maior, queremos que tamén o sexa polas nenas, nenos e rapazada da escola.

Convidarémola a visitar o centro, interactuar co alumnado para poder amosarlles a súa traxectoria persoal e contar as súas historias así como presentar unha obra cos seus poemas e regueifas.

Como recordatorio do seu paso polo colexio, deseñaremos un marcapáxinas onde aparecerá unha frase escrita por Evangelina para tal evento conmemorativo.

4.3.1.19 Festa dos Maíos

É a festa dedicada á primavera e nela recolleremos as coplas tradicionais que sobre ela se cantan. Aprenderémolas e cantarémolas nunha celebración conxunta onde prepararemos unha alfombra floral e os tres maíos (un por cada etapa educativa) coa axuda de toda a Comunidade Educativa.

4.3.1.20 Letras Galegas

A celebración das **Letras Galegas** xirará arredor da persoa e a obra de **Antonio Fraguas Fraguas**. Con tal motivo falaremos sobre a súa vida, leremos fragmentos das súas obras adaptados ás etapas educativas e, con diferentes actividades literarias, musicais e de xogos tradicionais, celebraremos unha xornada de portas abertas á que convidaremos a toda a Comunidade Educativa.

Como actividade anexa ao día das letras galegas, traballaremos un dos temas máis característicos do autor homenaxeado: **as romarías**. Imos **colaborar co centro educativo do interior de Galicia, o CEIP Soutelo de Montes**, do concello pontevedrés de Forcarei, debido á situación xeográfica do mesmo. Pretende ser unha actividade colaborativa entre o alumnado de 3º e 4º de Primaria dos dous centros onde se investiguen as romarías típicas do interior e da costa, podendo compartir un coñecemento das mesmas que será intercambiado na plataforma Padlet. Cada grupo de alumnado escollerá a mellor maneira de presentalo aos seus compañeiros e compañeiras e a toda a Comunidade Educativa así como facelo público na rede, **creando contido dixital en galego**.

Aproveitaremos a ocasión para levar a cabo, nos dez días anteriores ao 17 de maio, un obradoiro para recuperar a fabricación e o uso dun xoguete tradicional: o papaventos. Nel participará alumnado dos cursos máis altos de Primaria e Secundaria e será o Departamento de Educación Física o encargado de organizalo . O Día das Letras botaríanse a voar, se o tempo o permite, e formaría parte das actividades do evento.

4.3.1.21 Festa de Fin de Curso

É o colofón do curso escolar. Nela argallaremos actuacións para todo o alumnado e despediremos á promoción de 4º de ESO que remata a escolaridade no centro. A lingua vehicular será sempre o galego.

4.3.1.22 Publicación anual do EDLG

Coa colaboración e a axuda dos departamentos e equipos de traballo do centro faremos unha publicación anual, onde recompilaremos os traballos, conmemoracións, festas e actividades que se realizaron no centro no presente curso 18-19, reflicto do esforzo, compromiso e entusiasmo que toda a Comunidade Educativa amosa coa nosa lingua galega.

4.3.1. 23 Bo día, Atios!

Os membros representantes do alumnado, en colaboración cunha docente do EDLG, darán a benvida todas as mañás a través do equipo de megafonía do centro. Serán os encargados de dar o saúdo diario, comentarán as novas do día e farán referencia á música que diariamente soa grazas ás suxestións do alumnado que voluntariamente se achega a facer as súas suxestións.

O micrófono está a disposición de calquera membro da comunidade educativa que desexe facer uso del para comunicar calquera evento ou notificación.

4.3.2 Actividades da ENLG de Ferrolterra

Como nos cursos anteriores seguimos a participar nas actividades organizadas pola ENLG de Ferrolterra. Teremos unha cita co **V Certame Literario Carmela Loureiro** (a nivel intercentros), presentaremos os nosos deseños en **Poesía e Imaxe**, participaremos na mostra de música **A Mocidade coa Lingua** con cancións propias compostas polo alumnado e o profesorado do centro, e representaremos varias obras en **Teatro con G** co alumnado de E.P.

4.3.3 Outras actividades

A maiores participaremos na **Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil do Concello de Valdoviño** que se organizará arredor das Letras Galegas, coa finalidade de levar fóra do centro o noso traballo e compartilo con outros grupos do municipio e con toda a veciñanza do pobo.

Para levar a cabo estas e outras actividades e tarefas que vaian xurdindo – xa que o proxecto é aberto e o E.D.L.G. está polo labor de recoller todas as suxestións posibles que poidan xurdir ao longo do ano - organizaremos grupos de traballo, nalgún caso cooperativo, onde falaremos, debateremos, faremos investigacións, cambiaremos impresións e como **produtos sociais relevantes** elaboraremos cartaces, publicacións, **programas de TV** (Atios TV), etc.

5. CONCLUSIONES

O Proxecto “**FALA DESEÑADA**” é fundamentalmente creativo e motivador. Queremos concienciar a toda a Comunidade Educativa do importante que é coidar e respectar a nosa lingua, tendo a oportunidade de poder utilizala diariamente e facela nosa cada día ao afrontar os proxectos e podermos deseñar a fala á nosa medida, desenvolvendo numerosas e variadas actividades que no presente curso escolar xirarán arredor da banda deseñada.

Ademais hai que sumar a participación das familias do alumnado, as institucións da contorna e outras asociacións ou persoas particulares que sen dúbida contribúen, e moito, ao desenvolvemento do **noso proxecto, o cal é un instrumento aberto a todas e todos, en constante construción, cambio e superación.**

Coordinar todo isto esixe un esforzo a realizar entre o profesorado dos Departamentos e Ciclos das distintas etapas educativas, o Departamento de Orientación, o equipo da Biblioteca do centro, o equipo das TIC´s, o DACE do centro, o Equipo Directivo e, como máximo responsable de todas as actividades , o EDLG de Atios, esforzo que realizaremos este ano con renovada ilusión xa que contamos coa inestimable colaboración e participación de rapazas e rapaces de Secundaria que aportarán creatividade e, sobre todo, moitas ganas de traballar en prol da nosa querida lingua galega.

En Valdoviño, a 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Teresa de Jesús Dopico Rivera.
(Coordinadora do EDLG)

Asdo.: Antonio Cebreiro Melero.
(Visto e prace do Director)